



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Unha das cuestións que se presentan con máis continuidade entre as anpas é a responsabilidade que ten a asociación, e as súas directivas, no caso dun accidente dunha crianza, ou da cobertura económica da responsabilidade; e normalmente mestúranse os conceptos de responsabilidade civil, cobertura sanitaria, indemnizacións económicas, etc.

Antes de explicar nada, hai que indicar que o asunto dos seguros non é unha verdade indiscutíbel, e que calquera esixencia de responsabilidade pode rematar nun xulgado. E aí será sempre a xuíza ou xuíz quen decida quen ten realmente a razón, e como deben obrar as responsabilidades de cada quen.

Tamén é certo que non todas as actuacións son asegurábeis, e que non podemos pretender estar cubertas de absolutamente todas as circunstancias posíbeis, pero como na nosa vida privada, nin máis nin menos.

Logo disto, hai que ter seguros?, pois si, porque son obrigatorios en moitos casos, porque compensan diante dos grandes problemas, e porque facilitan a xestión ordinaria; e tamén hai que complementalos cun traballo non arriscado, o mellor seguro sempre é traballar con coidado e sen atrevemento; pero por se pasa algo, imos aclarar uns cantos aspectos:

1. O SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL:

A responsabilidade civil nace do artigo 1902 do Código Civil:

“Quen por acción ou omisión causa dano a outro, intervindo culpa ou negligencia, está obrigado a reparar o dano causado”

E no caso das asociacións, complementábase co que establece o artigo seguinte, o 1903, que hai que interpretar no senso de que a responsabilidade sempre será das directivas das anpas, nomeadamente da persoas que ocupen a presidencia:

“A obriga que impón o artigo anterior é esixíbel, non só polos actos ou omisións propios, senón polos daquelas persoas de quen se debe responder.

Os pais son responsábeis dos danos causados polos fillos que se atopen baixo a súa garda.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Os titores sono dos prexuízos causados polos menores ou incapacitados que estean baixo a súa autoridade e habitan na súa compañía.

Sono igualmente os donos ou directores dun establecemento ou empresa respecto dos prexuízos causados polos seus dependentes no servizo nos ramos nos que os tiveran empregados, ou con ocasión das súas funcións”

As obrigas ás que fan referencia estes artigos sempre van estar cuantificadas economicamente, ou sexa, van supor unha indemnización ou o pagamento dos gastos que se precisen para reparar aqueles danos causados.

Non cómpre confundila coas posíbeis responsabilidades penais, esas implican a comisión dun delito, e non hai ningún seguro que poida resolvelas porque o pagamento desa responsabilidade é estritamente persoal. Pero este suposto está moi lonxe da nosa actividade asociativa ordinaria.

Tamén hai que dicir que tampouco non cobren as responsabilidades civís persoais, ou sexa aquelas que sexan consecuencia do que poidamos facer fóra do exercicio como cargo da anpa; lembrede que só somos cargos da anpa cando tomamos decisións, ou traballamos, para a asociación; pero dentro do centro escolar tamén somos nais e pais coma todas que tomamos decisións individuais e autónomas, esas non están cubertas por ningún seguro.

Dous apuntes importantes en relación ás pólizas de seguro de responsabilidade civil normalmente contratadas:

- Dan cobertura a todos os establecementos ou edificios nos que se realicen actividades, agás do propio centro educativo ao que pertenza a ANPA.
- Non dan cobertura á organización de actos que excedan o marco dos previstos nos Estatutos ou que excedan do marco cotián da actividade típica da Asociación.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Pero, é obrigatorio termos un seguro deste tipo ?

Da normativa asociativa non se deduce que exista esa obriga, pero as custosísimas indemnizacións que poden xurdir dun accidente causado por unha negligencia, sexa propia ou das persoas ao cargo, fai recomendábel a súa contratación.

Ser directiva dunha ANPA xa supón un traballo a maiores, e unha dedicación e preocupación importante, como para incrementarlle a indeterminación de sabermos que é posíbel ter que responder dunha hipotética indemnización por un accidente do que podemos ser responsábeis dun xeito indirecto.

Á parte disto, é moi común que nas actividades externas aos centros escolares, a ocupación de espazos públicos, de instalacións deportivas, etc, se esixa a contratación deste tipo de seguros; polo que é moito máis cómodo telos previamente contratados.

No seguinte apartado veremos tamén que a lei de voluntariado esixe que teñamos contratado un seguro de responsabilidade civil para as persoas que traballen na acción voluntaria, alí explicaremos que nesa “acción voluntaria” estamos as directivas das anpas practicamente sempre, polo que esta sería outra razón para telo contratado.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

2. SEGURO DE ACCIDENTES DE VOLUNTARIADO:

A Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, defínea no seu artigo 3 como: Actividades desenvolvidas por persoas físicas, como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral, a través de entidades de acción voluntaria, sempre que reúnan as seguintes condicións:

- Realización libre e voluntaria
- Executada fóra do ámbito laboral, profesional, funcionarial ou mercantil, ou calquera outro tipo de relación retribuída.
- Que carezan de contraprestación económica ou material, sen prexuízo do reembolso dos gastos ocasionados.
- Que se desenvolvan en función de programas concretos.

No artigo 9 da mesma Lei defínense as entidades de acción voluntaria como: *“aquelas entidades, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica de seu, que de xeito organizado e estábel realicen programas específicos en relación con actividades de interese xeral e incluídas no artigo 5 desta lei”*

(O artigo 5 inclúe dentro do ámbito de acción voluntaria: a acción social e servizos sociais, defensa dos dereitos humanos, da infancia, das persoas con discapacidade, da efectividade dos dereitos en condicións de igualdade das mulleres, educativas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre, de defensa dos dereitos lingüísticos...) **Semella que claramente estamos incluídas as anpas.** Aínda que non sexamos entidades de acción voluntaria, dende o punto de vista da posibilidade de acceder a subvencións e programas públicos específicos, en tanto non nos inscribamos no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia (Decreto 405/2001, do 29 de novembro); onde por certo xa hai algunha anpa rexistrada.

Esta mesma lei establece unha serie de obrigas que nos son acaídas, e entre elas está: *“subscribir unha póliza de seguros que lles cubra ás persoas voluntarias os riscos de accidentes e máis a responsabilidade civil na que puidesen incorrer na súa actividade”* (artigo 11.9)

Evidentemente, o concepto de voluntariado nas Asociacións de Nais e Pais haberá que definilo, é certo que todas as persoas que traballamos nunha anpa, directiva ou colaboradores ocasionais, somos voluntariado dende o estrito punto de vista da libre disposición do noso tempo, e da nosa intención de servizo gratuíto; pero non está claro que iso sexa o que pretende a normativa; máis ben semella que considera voluntariado



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

a aquelas persoas que traballan dun xeito directo na realización de programas de atención a terceiros, ben sexa no ámbito cultural, educativo, social, etc.

No noso caso, poderíamos considerar que somos voluntariado cando efectivamente organizamos unha actividade, facemos tarefas de acompañamento aos nenos e nenas, somos os traballadores directos na montaxe, mantemento e recollida de estruturas para a celebración de actos, etc.

E non o seríamos cando simplemente nos limitamos á contratación con terceiros para a realización desas mesmas actividades, ou o noso traballo se centra exclusivamente na planificación ou dirección da asociación.

Pero como realmente é imposible asegurar que NUNCA imos facer nada que entre dentro do concepto de acción voluntaria, aínda que só sexa colaborar na preparación dun escenario, ou axudar ás crianzas a entrar nun autobús, a contratación deste tipo de seguro debера ser unha constante no mundo asociativo.

Hai que entender que a obriga de contratar un seguro de accidentes é unha peculiaridade moi importante da normativa de voluntariado dentro do contexto da atención sanitaria: non só porque implica que unha persoa voluntaria que teña un accidente durante a acción voluntaria podería ir a un centro sanitario privado, o que estea contratado polo seguro; senón tamén porque no caso de ter que ir a un centro do SERGAS, se informa correctamente das circunstancias do seu accidente e facilita os datos correctamente, o SERGAS tería o dereito de enviarlle a factura dos servizos prestados á compañía aseguradora (o que quere dicir que no caso de non ter contratado ese seguro obrigatorio, sería a ANPA quen podería ter que responder dese incumprimento legal). En relación á facturación do SERGAS hai unha cuestión de suma importancia: normalmente os seguros de accidentes de voluntariado teñen establecido un límite económico á súa cobertura cando non se utilizan os seus propios servizos: ou sexa, se hai un accidente dunha persoa voluntaria, e esta persoa utiliza o centro concertado polo seguro, non hai problemas; pero se decide ir ao SERGAS, a compañía farase cargo da factura do SERGAS ata o límite que teña establecido, o resto terá que pagalo quen solicita a atención, ou, se non houbo información correcta, a propia ANPA.

Un último apuntamento: unha persoa voluntaria nunca pode ser confundida cunha persoa contratada para a prestación dun servizo, a voluntariedade implica a ausencia de contraprestación económica; polo que este seguro non pode utilizarse para dar cobertura a situacións de contratación irregular.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

3. SEGURO DE ACCIDENTES PARA O ALUMNADO

Este realmente é o debate permanente no mundo das anpas e para abordalo hai que aclarar uns cantos conceptos:

- Os seguros privados de accidentes son unha cobertura idéntica á que presta o sistema sanitario público. A máxima diferenza sería a posíbel contratación da cobertura da rotura de dentes ou gafas, que o sistema de saúde non inclúe; e presunta maior rapidez na atención que teñen os centros privados sobre os públicos, algo que neste momento é totalmente discutíbel.
- Nin os colexios nin as anpas son responsábeis dun accidente, dende o punto de vista da obriga de aboar os gastos sanitarios, se non existe culpa ou negligencia por parte dun profesor ou de persoal voluntario ou contratado pola anpa; e se houber esa culpa quen pagaría sería o seguro de responsabilidade civil, non o hipotético de accidentes. Pero ben entendido que para que o seguro de responsabilidade civil actúe é necesario que exista unha **reclamación** da nai, pai, titora ou titor á ANPA, para poder tramitar unha hipotética indemnización, **e tramitar non implica pagar**, só significa iniciar un expediente que dará lugar ao estudo da reclamación por parte da compañía aseguradora, á súa consideración ou desestimación, e no caso de dar lugar a unha reclamación cuantiosa ou de especial gravidade, mesmo a un procedemento xudicial que rematará coa sentenza correspondente.
- Cando se contrata un seguro de accidentes o que realmente estamos a facer é pagar a unha entidade privada para que nos preste a atención á que xa temos dereito como suxeitos cubertos polo sistema público de saúde. Ou sexa, estamos duplicando innecesariamente coberturas.
- Falando de estudantes ata 2º da ESO incluídos: *“A asistencia sanitaria dos menores por accidentes que poidan ter no ámbito do centro escolar, igual que os accidentes que poidan ter na rúa, nun parque ou no domicilio familiar, serán cubertos polo réxime de asistencia sanitaria que teñan os proxenitores ou titores do menor”* (informe do Valedor do Pobo, expte D.3.Q/1376/11)
- Falando de estudantes a partir de 3º da ESO: os posíbeis accidentes estarían cubertos polo seguro escolar, que é de contratación obrigatoria a partir desa idade, e págase coa matrícula de cada curso escolar a partir dese momento.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

- Existen unha serie de casos taxados nos que o SERGAS podería reclamar o pagamento dos seus servizos, que son os que se establecen no RD 1030/2006 e que serían:
 - Accidente de tráfico (pagarían as aseguradoras)
 - Accidente laboral ou enfermidade profesional (pagarían as mutuas)
 - Accidente escolar en maiores de 14 anos (pagaría o seguro escolar obrigatorio)
 - Accidente deportivo, para deportes federados e profesionais (pagaría o seguro federativo)
 - Pacientes privados (pagarían elas)
 - Mutualidades (pagarían elas)
 - Cidadáns da UE (pagaría o sistema de saúde do país de orixe)
 - Etranxeiros en estancia temporal (pagaría o sistema de saúde do país de orixe)

Como pode verse, non estamos incluídas en ningún deses supostos.

De todas maneiras, é posíbel contratar un seguro de accidentes, se así o decide a asemblea xeral dunha anpa, (non a súa directiva), pero iso non incrementa nin a seguridade, nin a cobertura sanitaria, nin mellora a atención que se lle presta ao alumnado, e tampouco evita o risco de reclamacións por parte das familias á directiva da ANPA, que en todo caso estarían cubertas polo seguro de responsabilidade civil, non polo de accidentes.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

EN CASO DE ACCIDENTE:

1. Se fose nunha actividade deportiva federada: haberá que estar ao que indique o seguro federativo obrigatorio.
2. Se fose unha estudante de 3º da ESO, incluído, en adiante: farase cargo o seguro escolar obrigatorio que se paga coa matrícula de cada curso.
3. E sendo alumnado de infantil, primaria, 1º ou 2º da ESO e non sendo nunha actividade deportiva federada:
 - a. Se houber culpa ou negligencia por parte de quen debera estar custodiando ao neno-a accidentado, operará sempre o seguro de responsabilidade civil de:
 - A Xunta de Galicia se foi un docente.
 - A ANPA se foi nunha actividade organizada directamente.
 - A empresa de servizos que puidera estar contratada para realizar unha actividade.
 - b. Se non houber culpa ou negligencia por parte de ninguén, o que entendemos por un accidente ordinario:
 - A asistencia sanitaria será a que teñan a nai/pai/titor/titora do menor accidentado .
 - As contingencias non cubertas polo sistema de saúde (rotura de dentes e/ou gafas) non estarían cubertas por ninguén.
 - O SERGAS nunca podería repercutir a ninguén o custo da asistencia prestada.

CONCLUSIÓNS:

1. **É obrigatorio termos contratado un seguro de responsabilidade civil**
2. **É obrigatorio termos contratado un seguro de accidentes de voluntariado.**
3. **Non é obrigatorio ter contratado un seguro de accidentes para o alumnado.**
4. **Non hai ningún seguro que cubra todo, non o busquedes, a vida tamén ten un carácter accidental que convén asumir.**